

# **Proyecto de Dirección para o**

## **IES Poeta Añón**

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Añón', with a large, sweeping flourish above the name.

Presentado por:

*Daniel Losada Andreu*

## ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO
  - 1.1. Traxectoria persoal.
  - 1.2. Formación inicial e permanente.
  - 1.3. Razóns que xustifican a presentación do proxecto.
  - 1.4. Principios que fundamentan o programa.
  
2. DIAGNÓSTICO
  - 2.1. Estudio do contexto.
    - 2.1.1. O centro.
    - 2.1.2. As familias.
    - 2.1.3. Alumnado.
    - 2.1.4. Profesorado.
    - 2.1.5. Persoal non docente.
    - 2.1.6. Organización do centro.
  - 2.2. Identificación de necesidades.
  
3. OBXECTIVOS
  - 3.1. Obxectivos organizativos.
  - 3.2. Obxectivos curriculares.
  - 3.3. Obxectivos para a apertura a sociedade.
  
4. AVALIACIÓN DOS OBXECTIVOS

## 1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

### 1.1. Traxectoria persoal.

- 1986 Licenciado en Ciencias Químicas na especialidade de Química Fundamental, Opción de Química Física pola Universidade de Santiago de Compostela.
- 1987 Grado de Licenciado en Ciencias Químicas na Facultade de Química da universidade de Santiago de Compostela.
- 1987 Participo no curso de iniciación á informática organizado pola Facultade de Química.
- 1987 Obteño o Certificado de Aptitude Pedagóxica.
- 1987 Comezo os estudos de Terceiro Ciclo, realizando os cursos de doutorado no bienio 87-89 dentro do programa “Biodinámica física e fenómenos superficiais”
- 1987 Imparto diversos cursos de Microinformática (MS-DOS, BASIC, xestión de bases de datos, tratamento de textos) na Aula Informática da USC. Esta actividade mantense durante os anos 87-88-89.
- 1988 Nomeado bolseiro **a cargo do proxecto** de investigación PB860651-c03-03, titulado *Caracterización fisicoquímica de disolucións de tensioactivos: microemulsiones*, nº 60902.70160.
- 1990 Disfruto dunha **bolsa Predoctoral da Xunta de Galicia** que remata en setembro de 1991.
- 1990 Imparto clases prácticas da materia “Química Física Xeral” no departamento de Química Física da USC.
- 1990 Disfruto dunha bolsa para realizar unha estada de dous meses no IEN Galileo Ferraris de Torino.
- 1991 Comezo a traballar como profesor substituto do corpo de PES, na especialidade de Física e Química.
- 1992 Primeiro ano como profesor interino do corpo de PES, situación que se manterá ata superar as probas de acceso convocadas no ano 1992 e celebradas en 1997.

- 
- 1994 Presto servizos no IFP “Monteporreiro” de Pontevedra impartindo clases nos cursos da implantación anticipada da ESO.
  - 1994 Obteño o título de Doutor en Químicas pola USC.
  - 1997 Supero as probas de acceso para a Administración Pública pola disciplina de Física e Química.
  - 1997 Nomeamento como funcionario en prácticas no IES de Porto do Son.
  - 1998 Superada a fase de prácticas obteño o título de Funcionario de Carreira dentro do corpo de PES.
  - 1998 Destino provisional no IES Armando Cotarelo Valledor de Vilagarcía de Arousa.
  - 1999 Destino definitivo no IES de Outes.
  - 1999 Nomeado Xefe de Estudos no IES Poeta Añón de Outes ata o ano 2001 no que remata o mandato da Dirección.
  - 2001 Nomeado Xefe do departamento didáctico de Física e Química do IES Poeta Añón.
  - 2003 Membro do Departamento de Orientación en calidade de profesor titor de 4º curso da ESO
  - 2005 Nomeado Director do IES Poeta Añón

## 1.2. Formación inicial e permanente.

- 1986 Licenciado en Ciencias Químicas.
- 1987 Grado de Licenciado en Ciencias Químicas
- 1987 Certificado de Aptitude Pedagóxica.
- 1994 Doutor en Químicas pola USC.
- 1998 Funcionario de Carreira dentro do corpo de PES.
- 1999 Destino definitivo no IES de Outes.
- 1999 Xefe de Estudos no IES Poeta Añón de Outes ata o ano 2001 no que remata o mandato da Dirección.
- 2001 Xefe do departamento didáctico de Física e Química do IES Poeta Añón.
- 2003 Membro do Departamento de Orientación ata o ano 2005.
- 2005 Director do IES Poeta Añón.

Participación nos seguintes cursos de formación:

P.F.C.: “Proxecto educativo de centro do IES de Porto do Son”

Xornada informativa para o profesorado de educación secundaria de persoas adultas

P.F.C.: “Proxecto curricular de centro” IES Poeta Añón.

Formación na informatización da xestión académica e administrativa dos centros educativos: XADE-CENTROS.

P.F.C.: “Elaboración das programacións de aula”. IES Poeta Añón.

Introducción ó manexo de ordenadores. Nivel I

Introducción ó manexo de ordenadores. Nivel II

Enerxía nuclear e sociedade.

Isótopos radiactivos, residuos e aplicacións da tecnoloxía nuclear.

O reto da enerxía.

Enerxía nuclear e sociedade : o ciclo do combustible.

ICE. Profesor titor de prácticas.

Os isótopos radiactivos: usos industriais

Formación inicial para o acceso a función directiva

O software libre na educación

Plans de Mellora da Calidade da Educación de Centros Educativos para o Curso 2006-2007

I encontros de centros educativos con plans de autoavaliación e mellora da calidade da educación

Plans de Autoavaliación e Mellora da Calidade da Educación de Centros Educativos para o Curso 2006-2007 (en curso)

Publicacións de caracter científico :

1

**AUTORES:** M.A. López Quintela, A. Fernández Nóvoa, J. Quiben, D. Losada, C. Ferreiro

**TITULO:** Nonequilibrium Phenomena in Critical Microemulsions

**REVISTA:** Prog. Colloid Polym. Sci., **266**, 165-168 (1988)

2

**AUTORES:** M.A. López Quintela, A. Fernández Nóvoa, J. Quibén, D. Losada, C. Tojo

**TITULO:** Caracterización Físicoquímica de Microemulsiones Críticas: Fenómenos de Relajación

**REVISTA:** Jorn. Com. Esp. Deterg., **19**, 143-153 (1988)

3

**AUTORES:** M.A. López Quintela, A. Fernández Nóvoa, J. Quibén, D. Losada, C. Tojo

**TITULO:** Physico-Chemical Characterization of Critical Microemulsions: Relaxation Phenomena

**REVISTA:** Tenside Surfactants Detergents, **25**, 373-374 (1988)

4

**AUTORES:** M.A. López Quintela, D. Losada

**TITULO:** Spatial, Temporal and Energetic Disorder in Microemulsions

**REVISTA:** Phys. Rev. Lett., **61**, 1131-1134 (1988)

5

**AUTORES:** J. Rivas, M.A. López Quintela, D. Losada, F. Walz, H. Kronmüller  
**TITULO:** Analysis of Magnetic After-Effects in Fe<sub>80</sub>B<sub>20</sub> Alloys Using Continuous Relaxation Time Distributions and Stretched Exponential Decay Functions  
**REVISTA:** Basic Features of the Glassy State; editado por J. Colmenero (World Scientific Publishing Company, 1989)

6

**AUTORES:** M.A. López Quintela, J. Rivas, D. Losada, J.I. López Cabido  
**TITULO:** Strong Low-Frequency Electrical Dispersion in Microemulsions  
**REVISTA:** Journal of Non-Crystalline Solids, **131-133**, 229-232 (1991)

Participación nas seguintes patentes :

1

**AUTORES:** M.A. López Quintela, A. Fernández Nóvoa, J. Quibén, D. Losada  
**TITULO:** Sensor de estado líquido para termómetros y manómetros de precisión  
**Nº de REGISTRO:** 8802096 **ANO:** 1988

2

**AUTORES:** M.A. López Quintela, A. Fernández Nóvoa, J. Quibén, D. Losada  
**TITULO:** Sensor de estado líquido para termómetros y manómetros de precisión  
**Nº de REGISTRO:** 8802097 **ANO:** 1988

Participación nos seguintes congresos :

1

**CONGRESO:** 9th International Biophysics Congress 1987 IUPAB  
**LUGAR DE CELEBRACION:** Jerusalem (Israel)  
**DATA :** 23-28 de Agosto 1987

2

**CONGRESO:** First European Colloid and Interface Society Conference  
**LUGAR DE CELEBRACION:** Villa Olmo, Como (Italia)  
**DATA :** 2-4 de Septiembre 1987

3

**CONGRESO:** XIX Jornadas del CED/AID  
**LUGAR DE CELEBRACION:** Granada (España)  
**DATA :** 9-11 de Marzo 1988

4

**CONGRESO:** Fast Reactions in Solution DGM  
**LUGAR DE CELEBRACION:** Bielefeld (Rep. Fed. Alemana)  
**DATA :** 11-14 de Septiembre 1988

5

**CONGRESO:** Non-Linear and Cooperative Phenomena in Physics and Chemistry  
Workshop

**LUGAR DE CELEBRACION:** Santiago de Compostela (España)

**DATA :** 7 de Diciembre 1988

6

**CONGRESO:** Second International Workshop on Non-Crystalline Solids

**LUGAR DE CELEBRACION:** San Sebastián (España)

**DATA :** 11-14 de Julio 1989

7-8

**CONGRESO:** Fast Reactions in Solution DGM

**LUGAR DE CELEBRACION:** Santiago de Compostela (España)

**DATA :** 4-6 de Septiembre 1989

9

**CONGRESO:** NATO Advanced Study Institute. Structure Dynamics and  
Equilibrium Properties of Colloidal Systems

**LUGAR DE CELEBRACION:** Aberystwyth (Gales)

**DATA :** 10-23 de Septiembre 1989

10

**CONGRESO:** Física Estadística'90

**LUGAR DE CELEBRACION:** Badajoz (España)

**DATA :** 4-6 de Abril 1990

11

**CONGRESO:** 10th General Conference of the Condensed Matter Division

**LUGAR DE CELEBRACION:** Lisboa (Portugal)

**DATA :** 9-12 de Abril 1990

12

**CONGRESO:** 1990 International Discussion Meeting on Relaxations in Complex  
Systems

**LUGAR DE CELEBRACION:** Creta (Grecia)

**DATA :** 18-29 de Junio 1990

Bolsas recibidas :

1

**Bolsa a cargo do proxecto de investigación** PB860651-c03-03, titulado  
*Caracterización fisicoquímica de disoluciones de tensioactivos: microemulsiones*, nº  
60902.70160.

**ORGANISMO:** Dirección General de Investigación Científica y Técnica

**CENTRO:** Universidade de Santiago. Dpto. de Química Física

**PERIODO DE DISFRUTE:** Octubre 1988 - Diciembre 1989

2

**Bolsa Predoctoral Xunta de Galicia**

**ORGANISMO:** Xunta de Galicia

**CENTRO:** Universidade de Santiago. Dpto. de Química Física

**PERIODO DE DISFRUTE:** Enero 1990 - Septiembre 1991



3

**Bolsa de Investigación para estancia noutros centros**

**ORGANISMO:** Universidade de Santiago

**CENTRO:** I.E.N. Galileo Ferraris, Torino (Italia)

**PERIODO DE DISFRUTE:** 1990 (2 meses)

Participación nos seguintes proxectos de investigación :

1

**Título:** Caracterización fisicoquímica de disoluciones de tensioactivos: microemulsiones.

**Entidade Financiadora:** Dirección General de Investigación Científica y Técnica.

**Ano de concesión:** 1987

2

**Título:** Producción de materiales magnéticos ultrafinos.

**Entidade Financiadora:** Comisión Interministerial de Ciencia y Tecnología (Programa P.E.T.R.I.)

**Ano de concesión:** 1991

3

**Título:** Disoluciones coloidales de tensioactivos: sistemas de tres y más componentes. Estudio químico-físico de sus propiedades y reacciones químicas en estos sistemas.

**Entidade Financiadora:** Dirección General de Investigación Científica y Técnica.

**Ano de concesión:** 1991

### **1.3. Razóns que xustifican a presentación do proxecto.**

Como pode observarse nos puntos 1.1. e 1.2. desenvolvidos con anterioridade, pasei unha serie de etapas relacionadas con actividades de investigación e innovación, acompañadas dun importante traballo interdisciplinar que potenciaron a facilidade de coordinación entre persoal moi heteroxéneo. Este afán investigador e innovador persiste na actualidade encamiñado hacia a labor docente como pode verse nas actividades que se fomentan no IES Poeta Añón durante a etapa na que asumín responsabilidades de Xefe de Estudos, e que continuaron durante o período no que asumín as funcións de Director do IES.

Tamén constitúe un aspecto importante da miña formación o coñecemento das diferentes etapas dentro do ensino gracias ó traballo realizado como substituto e interino que me levaron a impartir diversas especialidades en Bacharelato, FP, ESO, EPA etc. Especialmente útil resultou a experiencia durante o curso con destino provisional no IES Armando Cotarelo, no que se impartía por primeira vez estudos de EPA e que tiven que facerme cargo do ámbito da natureza. Esta situación repetiuse a miña chegada con destino definitivo o IES Poeta Añón, onde houbo que poñer en marcha estes estudos coa dificultade engadida de ser un centro de nova creación e con profesorado descoñecedor deste nivel.

O apoio frecuente ó equipo directivo en aspectos organizativos e disciplinarios, a participación en temas curriculares dentro do departamento de orientación e da comisión de coordinación pedagóxica, así como desde a titoría de 4º de ESO, me permiten un coñecemento exhaustivo da organización do centro en tódolos niveis e penso que poden realizar unha diagnoses acertada dos problemas e facer propostas interesantes para intentar solucionarlos.

O feito de exercer a Dirección do IES Poeta Añón durante os anteriores tres anos aporta unha maior confianza en poder solucionar os problemas que xorden durante o exercicio das funcións de Director.

A persistencia das mostras de apoio dun gran número de compañeiros e compañeiros, son as responsables, que xunto cos puntos detallados de seguido, presente este proxecto.

- Vacante na Dirección por remate do mandato segundo LOCE.
- Compromiso, e enerxía para afrontar unha nova etapa de traballo neste centro, con total dedicación.
- Capacidade para implicarse e mediar na resolución de conflitos que atinxan as relacións entre o profesorado e do profesorado co alumnado.
- Busca das canles necesarias para crear neste centro un clima de convivencia, disciplina e motivación polo estudio.
- Capacidade de xestión e correcta optimización dos recursos existentes e da procura doutros externos.
- Potenciación da boa imaxe do centro.
- Posibilidade de formar un Equipo Directivo estable, con membros de perfíles axeitados ó traballo de cada un deles.
- Formación dun grupo unido con ideas e obxectivos comúns.
- Esperanza de ser merecedores da vosa confianza e total receptividade das críticas e suxerencias que queirades facernos con total liberdade.

#### **1.4. Principios que fundamentan o programa.**

- Compromiso de implica-los pais e os alumnos no proceso educativo do centro.
- Transparencia en tódalas nosas actuacións, que serán claras e coñecidas pola totalidade da Comunidade Educativa, facilitando sempre as canles de información.
- Creación dun clima dialogante, negociador e consensuado con tódolos representantes da Comunidade Educativa.
- Afán por implicar a todo o profesorado, representantes do alumnado, pais, nais e persoal non docente, no funcionamento do centro, có fin de obter un bo clima de traballo para todos.
- Potenciación das boas relacións entre toda a Comunidade Educativa, mellorando a cordialidade e a confianza mutuas.
- Compromiso de levar á práctica o establecido no marco lexislativo. E capacidade de innovación, que se traduza nun centro vivo que sexa capaz de optimizar tódolos recursos e continuar os proxectos de mellora iniciados durante os tres anos anteriores.
- Continuar a potenciación da apertura ó entorno, facilitando os intercambios entre a vida do centro e o contexto social, aberto á realidade, e a tódalas persoas e organismos que queiran participar e aportar inquiredanzas e colaborar con nós.
- Atención especial á diversidade e creación dun clima respectuoso e integrador con todo o alumnado, que se potencie a motivación e o estímulo como base para un crecemento persoal que lles permita desenvolver ó máximo as súas posibilidades.

- Integración de tódolos aspectos educativos, educando para a liberdade, a tolerancia, a paz e o respecto polo medio ambiente, como valores que enriquezan toda acción educativa.
- Afondar nos mecanismos que conduzan a unha educación non sexista, na que a igualdade sexa un dos obxectivos prioritarios. Polo tanto, a erradicación de prexuizos sexistas será unha das tarefas a abordar con máis determinación.
- Fundamento dunha práctica de principios claros e precisos, partindo dunha boa capacidade para a planificación coidadosa e rigorosa, dotada de prioridades e coherencia.

## 2. DIAGNÓSTICO

### 2.1. Estudio do contexto.

Creemos que o estudio do contexto é un tema do máximo interese, posto que cada vez se tende mais a descentralizar cando se trata de investiga-los parámetros do fracaso escolar, dada a disparidade das políticas educativas nos diferentes centros.

A maneira de planifica-lo sistema educativo a partires de “estándares” de calidade concretados en obxectivos mínimos a conseguir, non está dando os resultados apetecidos, debido á diferente interpretación dos mesmos en cada centro.

Por outra banda, non poden esixirse os mesmos resultados a centros situados en ambientes distintos e cunhas situacións socio culturais moi diferentes. Despréndese, polo tanto, a necesidade de adecua-lo noso programa ó contexto particular do noso centro en concreto.

Analizaremos unha serie de puntos a ter en conta á hora de describir e analiza-lo contexto, que nos sirva de referencia para elaborar un mapa de necesidades e obxectivos deste proxecto de dirección:

#### 2.1.1. O centro.

O Instituto Poeta Añón da Serra de Outes, é un centro creado no ano 1998, cunha localización na franxa costeira sobre a marxe dereita da ría de Muros e Noia. O alumnado procede das seguintes entidades e parroquias: Cando (Santiso), Entís (San Ourense e Santa María), Matasueiro (San Lourenzo), Outeiro (San Cosme), Outes (San Pedro), Roo (San Xoán), Sabardes (San Xoán), Tarás (San Xulián) e Valedares (San Miguel).

Nas instalacións do centro observase a seguinte problemática:

Existe só un laboratorio para Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía, que ademais é pequeno e está mal dotado o que dificulta a realización de prácticas nestas materias.

As persianas de moitas aulas son demasiado grandes e pesadas para as correas que as soportan, estropeándose con moita frecuencia.

A recollida de augas do tellado está en mal estado polo que é frecuente o vertido de auga ó interior. Isto favorece o aumento de humidades en moitas zonas e é a causa do deterioro do chan da aula de educación física.

Bótanse en falta espazos para habilitar un aula de idiomas e un aula para crear un programa de diversificación curricular.

### **2.1.2. As familias.**

As familias de procedencia do alumnado presentan , a grandes rasgos, as seguintes características: ó nivel da renda familiar é medio. O nivel de instrucción paterno e materno é baixo.

As actividades agropecuarias ocupan a maior parte da poboación activa, así como a labor de marisqueo e a pesca de baixura (nos portos do Freixo e San Cosme).

Unha gran porcentaxe das nais teñen como única profesión a de ama de casa. En canto a produción industrial desenvólvese fundamentalmente en torno a catro sectores: serradoiros, asteleiros, formigóns e construción.

### **2.1.3. Alumnado.**

Atópase un elevado índice de dificultades xeralizadas de aprendizaxe, fundamentalmente con referencia ó uso das linguas, a nivel expresivo (oral e escrito) e receptivo, precisando adoptar medidas organizativas e curriculares axeitadas segundo as circunstancias. A esta problemática hai que engadir a ausencia de hábitos básicos na familia (en relación coa alimentación, sono, constancia no traballo escolar, ...) que favorezan o proceso de aprendizaxe.

Tocante a lingua, o alumnado procedente do medio rural é maioritariamente galego-falante.

Principalmente proceden do CEIP de Outes e o CEIP Emilio Navasqües de Roo e cabe salientar que amosan unha importante actitude sexista, que se manifesta na dificultade para aceptar algunhas das actividades propostas ao longo da etapa.

#### 2.1.4. Profesorado.

O profesorado oscila arredor dos 32 profesores, unicamente 5 son provisionais e a maioría ten unha estabilidade de varios anos no centro.

Do total, 10 son mestres, que imparten clase no primeiro ciclo e o restante son profesores que imparten fundamentalmente no segundo ciclo.

Tamén hai que salientar que un mestre imparte clases en EPA exclusivamente (módulos 1 e 2 de ESA e PGS) e catro profesores de segundo ciclo deben compartir ESO e EPA (módulos 3 e 4). Este feito de ter que compartir o horario de diúrno e nocturno dificulta a elaboración dos horarios destes profesores.

A estabilidade do profesorado no centro facilita a implicación dos docentes en proxectos de culturais, extraescolares, educativos, e a continuidades dos mesmos. Tamén facilitará a convivencia có alumnado baseada no mutuo coñecemento, respecto e valoración por ámbalas dúas partes.

#### 2.1.5. Persoal non docente.

Está constituído por dous conserxes, unha administrativa e dous empregados da limpeza.

#### 2.1.6. Organización do centro.

**a. Equipo directivo** formado por:

Un director

Un secretario

Un xefe de estudos de diúrno

Un xefe de estudos de nocturno

**b. Órganos de Coordinación**

**i.** Comisión de coordinación pedagóxica

**ii.** Departamento de Orientación, constituído pola Xefe de departamento, a profesora de Pedagogía terapéutica e catro titores (un por nivel)



iii. Departamentos didácticos. Existen 13 departamentos no IES

iv. Equipo de Normalización Lingüística.

## 2.2. Identificación de necesidades.

Queremos ser realistas neste punto e intentar seleccionar aqueles problemas que pola súa urxencia, necesidade e importancia nos parezan prioritarios, e sen ofrecer unha panorámica xeral moi ampla e , as veces, inabarcable.

Creemos que esta é unha das operacións clave no conxunto do proceso planificador, posto que dificilmente seremos capaces de establecer metas, se previamente non recoñecemos as auténticas necesidades do noso centro e cales son as carencias estruturais, persoais e funcionais que existen.

Todo análise de necesidades debe realizarse tendo en conta os seguintes requisitos:

- Os datos obtidos deben ser obxectivos e representativos da nosa Comunidade Educativa.
- Calquera decisión de necesidades é provisional e debe ser revisada e replantexada periodicamente.
- Nesta análise deben participar todos os que, dalgunha maneira estean implicados no proceso educativo.

Despois de varios anos no centro observando o funcionamento do mesmo desde diferentes postos, podemos mencionar unha serie de aspectos que pensamos son demandados por parte do alumnado, profesorado, pais e persoal non docente. Establecemos a continuación unha serie de puntos, susceptibles de ser ampliados ou modificados cando sexa necesario:

1. Incrementa-la implicación familiar no proceso educativo do alumnado dando a coñecer, con gran claridade, ás familias as normas que rixen o centro e facendo que os pais se sintan tan responsables coma os seus fillos á hora do cumprimento das mesmas. As actividades emprendidas estes últimos anos de cara a acercar ás familias ao proceso educativo

penso que son positivas pero, está claro, que aínda falta bastante para poder consideralas como satisfactorias.

2. Ter as familias puntualmente informadas (dende a titoría e a Xefatura de estudos), tanto dos logros dos seus fillos, como dos problemas que poidan xurdir, para acelera-la súa solución
3. Implicar realmente a todo o profesorado para que esixa o cumprimento das normas de disciplina sempre e a todos por igual, exercendo coa súa presenza unha maneira de evitar e previr problemas disciplinarios.
4. Dar mais peso a comisión de coordinación pedagóxica, como órgano fundamental para o debate, planificación e seguimento das actividades programadas no centro.
5. A reforma do Regulamento de Réxime Interno contempla as novas situacións xurdidas por cambios legais no sistema educativo, así como os novos problemas xurdidos dos usos incorrectos das novas tecnoloxías. Haberá que seguir incidindo na súa implantación e aceptación por parte de toda a comunidade educativa.
6. Busca-las canles necesarias para mellora-la motivación polo estudio, o respecto ós profesores e compañeiros, ás instalacións do centro e a convivencia entre todos nos.
7. Tentar de realizar o maior número de actividades encamiñadas a fomentar a igualdade entre homes e mulleres resaltando as achegas realizadas por mulleres en diversos ámbitos así como a importancia do papel por elas desenvolvido na conquista dos logros sociais que todos disfrutamos e esperamos seguir a mellorar. Neste aspecto as actividades complementarias poden xogar un papel importante.

8. Animar ó profesorado a implicarse en tódalas facetas do funcionamento do centro, a mellora-la súa formación continuada e a participar, tanto en programas intercentro como en actividades extraescolares có alumnado. Tanto o Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares como o Plan de Autoavaliación e Mellora da Calidade da Educación nos que estamos participando desde hai dous anos penso que son unha mostra da implicación do Claustro de profesores neste proceso.
9. Reforza-la atención á diversidade, potenciando á atención individualizada a cada un dos alumnos que o necesite e solicitando, se fose necesario, máis persoal especializado neste tema. Concretamente, bótase en falta a presenza dun especialista de audición e linguaxe, e dunha segunda praza de Pedagogía Terapéutica dadas as dificultades observadas nunha parte importante do alumnado. Durante estes tres anos solicitamos sen éxito a solución deste grave problema.
10. O director, como máximo responsable da institución, debe establecer contactos, canalizar informacións e realizar xestións de provisión de tódolos recursos posibles para o centro.
11. Manter contacto continuo cas asociacións de pais, representantes de alumnos, administracións públicas locais e medios de comunicación para que se cumpra de maneira efectiva o principio de participación e apertura do centro á sociedade, có fin de conseguir un aproveitamento mutuo. O feito de non estar constituída a ANPA do IES dificulta este apartado.

### 3. OBXECTIVOS

Aínda que tódolos Centros Educativos teñan plantexados uns obxectivos comúns, nós vamos a referirnos aquí só os obxectivos que propoñemos para dirixi-lo centro, que están fixados tendo en conta o diagnóstico do contexto do centro e as prioridades plantexadas na nosa identificación de necesidades.

Dividiremos estes obxectivos en tres bloques.

#### 3.1. Obxectivos organizativos.

- a. Obxectivo:** Asegura-la transparencia, democracia e participación de todos na xestión do centro.

**Actuacións:** Facilita-la información, fomentar reunións de carácter formal e informal, intercambiar opinións, tomar decisións compartidas e compartir tamén as responsabilidades.

Neste bloque salientamos a importancia das reunións da comisión de coordinación pedagóxica como órgano de debate sobre os aspectos do centro que lle competen. É fundamental para a elaboración de propostas que poidan ser debatidas no claustro de forma mais áxil e precisa.

Para facilitar as comunicacións co consello escolar se potenciarán as reunións coas comisións de convivencia e de asuntos económicos para que a transparencia das decisións tomadas sexa máxima.

**Responsables:** Equipo directivo, CCP, profesorado e consello escolar.

- b. Obxectivo:** Mellora-lo clima relacional do centro nun ambiente de respecto mutuo asumindo a igualdade entre persoas como un principio fundamental.

**Actuacións:** Estudiar dinámicas de traballo, expoñer inquedanzas e intentar convencer como principio de actuación.

Dentro deste bloque consideramos importante a constitución da xunta de delegados como órgano que canalice as propostas e inquedanzas do alumnado para a súa presentación ante os órganos de goberno. Pensamos

que esto mellorará a implicación do alumnado na xestión do centro e na elaboración de actividades de interese para toda a comunidade educativa.

**Responsables:** Equipo directivo, tutores, delegados.

- c. **Obxectivo:** Coñece-los recursos materiais e humanos do centro, potenciando o seu uso e aproveitamento.

**Actuacións:** Establecer necesidades, optimiza-lo uso de recursos e racionaliza-lo seu funcionamento.

Debido o incremento de novo material audiovisual e informático pensamos que resulta necesario realizar un estudio detallado das necesidades dos departamentos e do profesorado, individualmente, para optimizar o seu funcionamento e establecer prioridades de uso. Para chegar a esto é necesario mellorar a información e formación do profesorado no uso destas tecnoloxías.

**Responsables:** Equipo directivo, CCP.

- d. **Obxectivo:** Fomentar as actividades complementarias e extraescolares e a formación para a boa utilización do tempo de ocio.

**Actuacións:** Aínda que neste centro non existe a figura de subdirector, pensamos potenciar o departamento de actividades extraescolares, para que actúe como un membro mais do equipo directivo e se poidan planificar estas actividades de forma mais racional.

**Responsables:** Equipo directivo, comisión de coordinación pedagóxica e departamento de AE.

- e. **Obxectivo:** Elaboración do Proxecto Educativo do Centro.

**Actuacións:** Promover o debate dentro do centro para que se poida elaborar uns novos documentos mais acordes coas realidades actuais. Unha vez elaborado o RRI e o Plan de Evacuación é necesario abordar de forma prioritaria a Planificación sociolingüística do centro e o Proxecto lingüístico, o plan lector e o plan de emprego das TIC.

**Responsable:** Equipo directivo, CCP, ENL, profesorado.

### 3.2. Obxectivos curriculares.

a. **Obxectivo:** Establecer un completo plan tutorial para mellora-lo cumprimento dos obxectivos programados.

**Actuacións:** Fixar liñas de actuación para os diferentes axentes da Comunidade Educativa. Implica-las familias e o alumnado.

Pensamos apoiar a labor do departamento de orientación para a detección individualizada dos problemas que inciden no fracaso escolar do alumnado e poidan aplicarse as medidas correctoras mais axeitadas.

Estudiar a posibilidade do establecemento dun programa de diversificación curricular.

**Responsables:** Equipo directivo, CCP e departamento de orientación.

b. **Obxectivo:** Educar para a paz, a solidariedade, respecto ó medio ambiente e para unha alimentación san e equilibrada.

**Actuacións:** Fomentar a discusión nas titorías destes temas. Organizar actividades para concienciar o alumnado da importancia dos temas abordados. A participación en programas como os de “Climántica” ou coa toma de datos meteorolóxicos poden axudar a traballar para acadar estes obxectivos.

Haberá que potenciar as actividades desenvolvidas nos últimos anos consistentes na creación de charlas e obradoiros sobre temas de interese como o consumo responsable, melloras das técnicas de estudo, alimentación equilibrada, ...

**Responsable:** Equipo directivo, titores, profesorado.

c. **Obxectivo:** Fomentar o gusto pola lectura e a mellora da expresión oral e escrita.

**Actuacións:** Organizar concursos literarios, actividades na biblioteca, e calquera proposta presentada nesta liña.

**Responsable:** Equipo directivo, profesorado.

- d. Obxectivo:** Potencia-la integración dos contidos transversais nas diferentes programacións.  
**Actuación:** Concreta-los aspectos a traballar a nivel centro e seguir potenciando as actividades complementarias.  
**Responsables:** Equipo directivo, comisión de coordinación pedagóxica.
- e. Obxectivo:** Fomenta-lo uso da lingua galega e o coñecemento do entorno.  
**Actuacións:** Participar en aquelas actividades especialmente elaboradas para acadar este obxectivo. Emprego do galego para as comunicación entre todos os membros da comunidade educativa. Tratar de dar estabilidade o Equipo de Normalización Lingüística para que se encargue de coordinar estas actividades.  
**Responsable:** Equipo directivo, E.N.L. , profesorado.
- f. Obxectivo:** Prioriza-las necesidades de formación do profesorado, fomentando a innovación e a investigación.  
**Actuación:** Consultar ó profesorado, contactar con expertos en innovación e investigación, formación de seminarios, grupos de traballo...  
**Responsables:** Todo o profesorado.

### 3.3. Obxectivos para a apertura a sociedade.

- a. Obxectivo:** Fomentar as relacións cos pais e nais do alumnado.  
**Actuación:** Realizar unha reunión inicial, na que se lle explique o funcionamento do centro, plan de estudos e medios mais axeitados para facilitar a comunicación co centro. Podería ser utilizada para a presentación dos titores.  
Tamén é importante continuar coas charlas cos pais e nais do alumnado que cursa 6º de primaria nos CEIPs adscritos para facilitar o tránsito á ESO.  
Haberá que potenciar as actividades desenvolvidas nos últimos anos para aumentar o compromiso das familias na educación do alumnado. Por exemplo, penso que foron útiles as charlas para as familias sobre temas de

interese que se trataron ao mesmo tempo co alumnado, como o consumo responsable, melloras das técnicas de estudo, alimentación equilibrada, ...

**Responsables:** Equipo directivo, orientación, titores, profesorado.

- b. Obxectivo:** Incrementa-las relacións con institucións públicas ou privadas: concello, asociacións culturais, outros centros educativos. As relacións mantidas nos últimos anos co Concello van dirixidas nesta liña e penso que deben manterse e potenciarse na medida do posible.

**Actuación:** Contactar con tódolos posibles, estudar campos comúns de actuación, elaborar programas conxuntos de colaboración.

**Responsables:** Equipo directivo e departamentos.

- c. Obxectivo:** Fomenta-lo achegamento a outras culturas.

**Actuación:** Participar en Programas Europeos, intercambio de correspondencia escolar, uso de Internet, intercambios con outros centros educativos.

**Responsables:** Equipo directivo, comisión de coordinación pedagóxica.

- d. Obxectivo:** Coordina-las actuacións oportunas cós servicios de apoio educativo.

**Actuación:** Realiza-lo seguimento de tódolos alumnos con necesidades educativas especiais.

Coordinar actuacións cos servicios sociais do Concello no caso do alumnado con mais problemas.

Deben potenciarse as relacións coas persoas contratadas polo Concello para atender ao alumnado de familias con problemas.

**Responsable:** Equipo directivo, profesorado, departamento de orientación.



## 4. AVALIACIÓN DOS OBXECTIVOS

A finalidade da avaliación do programa de actuación do equipo directivo é a de contrastar, tanto os obxectivos propostos, como os instrumentos empregados, para meditar sobre a eficacia das medidas propostas e, si é o caso, corrixir o modelo para que á toma de decisións sexa a mais axeitada.

A avaliación debe ser formativa, contemplando un conxunto de actividades programadas para recoller información ao longo do proceso e poder comprobar os resultados. Entre estas actividades podemos salientar as seguintes:

Análise das conclusións presentadas pola comunidade educativa por medio dos seus representantes no Claustro, Consello escolar, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Xunta de Delegados.

Pódense propoñer cuestionarios para obter información sobre que aspectos do proxecto son os mais valorados e sobre aqueles que deben ser modificados para adecuarse mais as necesidades da comunidade educativa.

Como en todo proxecto deberemos que comprobar que as expectativas iniciais van coincidindo cos logros acadados. Para conseguilo realizaranse as avaliacións en distintas fases e por axentes internos e externos a noso centro.

- **Avaliación interna.**

Realizada polo propio equipo directivo con periodicidade trimestral con carácter autocrítico e tratando de consensuar mecanismos obxectivos e sistematizados de avaliación que permitan responder ás demandas creadas.

- **Avaliación anual.**

Durante cada curso recolleremos as opinións emitidas dentro das diferentes estruturas organizativas do centro (consello escolar, claustro de profesorado, comisión de coordinación pedagóxica, etc.). Con todos estes datos realizaremos un seguimento e valoración global dos obxectivos manifestados no proxecto, que se reflectirán na Memoria Anual para a súa presentación diante do Consello Escolar.

Así mesmo, todos aqueles elementos correctores que se deduzan da análise anterior serán incorporados no Plan Anual para o seguinte curso e así mellorar o punto de partida e deste modo consolidar o modelo de actuación proposto.

- **Avaliación final dos resultados.**

Farase ó remate de temporalización establecida en cada unha das nosas accións, sendo ó final do período de mandato de exercicio de dirección cando se indicarán os logros acadados, os obxectivos non conseguidos e os cambios introducidos durante o proceso.

Ademais dos obxectivos propostos neste proxecto, teremos en conta as reformas introducidas e as prioridades marcadas pola Administración Educativa, das que se informará puntualmente no momento da súa divulgación.

- **Avaliación externa.**

Realizada polos Servicios de Inspección da Consellería

- **Avaliación externa de fin de mandato.**

A Administración realizará unha avaliación da actuación do director cando remate o seu mandato.

## PROPOSTA DE MELLORAS

En caso de obter da Administración unha avaliación positiva da función realizada, ó remate do mandato, no documento de avaliación de resultados, ademais dos logros, reflectiranse as necesidades atopadas e as posibles propostas de mellora cara a un novo proxecto de dirección.

Este proxecto de dirección foi elaborado por Daniel Losada Andreu para o IES Poeta Añón e presentado na,

Serra de Outes a 12 de marzo de 2008

Asdo: Daniel Losada Andreu